

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (P.O.A.P.)

OBXECTIVOS

- Desenvolver a capacidade de autoconhecimento do alumnado (capacidades, motivacións e intereses).
- Facilitar estratexias para a toma de decisións do alumnado respecto do seu futuro profesional e á elección dun itinerario académico axustado aos seus intereses, actitudes e capacidades, desenvolvendo a reflexión e a capacidade crítica.
- Desenvolver habilidades de busca e tratamento da información.
- Contribuír ao desenvolvemento da madurez profesional e persoal do alumnado.
- Implicar aos pais no proceso para que coñezan e apoiem as decisións que os seus fillos tomen responsablemente.

CONTIDOS

As actividades programadas para desenvolver neste plan basearanse nos seguintes contidos:

- Toma de decisión do alumando
- Autoconhecimento
- Información sobre distintos itinerarios educativos e profesionais que hai despois de cada curso.
- Implicación dos pais/nais neste proceso de toma de decisión

PROGRAMACIÓN

As actividades a desenvolver para conseguir os obxectivos propostos van enmarcadas no PAT e desenvolveranse preferentemente ao longo do 2º e 3º trimestre, por ser un momento próximo a toma de decisións, pero non inmediato, favorecendo así o período de

reflexión do alumnado á hora de tomar decisións, aínda que sen rexeitar o desenvolvemento de actividades puntuais de información académica e profesional ao longo do 3º trimestre segundo vaia xurdindo a información.

1º E.S.O. / 2º E.S.O.

- Actividades de autocoñecemento: habilidades, intereses...
- Coñecemento da estrutura da ESO: características de cada curso, criterios de avaliación e de promoción.

3º E.S.O.

- Actividades de autocoñecemento.
- Actividades relacionadas con temas de autoestima, educación sexual, convivencia nas aulas, as redes sociais e nos espazos de ocio.
- Actividades de coñecemento da estrutura do curso que están a cursar e de 4º da ESO.
- Actividades de adestramento en toma de decisións.

4º E.S.O.

- Actividades de autocoñecemento.
- Actividades de coñecemento das distintas opcións ao rematar a ESO: académicas e profesionais, con título e sen el.
- Actividades de adestramento en toma de decisións.
- Actividades de asesoramento individualizado ao alumnado con necesidades educativas especiais.

PROGRAMACIÓN PARA BACHARELATO

Para todos: dende o departamento de orientación animar ao alumnado a consultar calquera dúbida en relación co ámbito escolar, vocacional e persoal; elaboración de información para cada curso no que se achegará información sobre o acceso á universidade, notas de corte, carreiras do SUG, FP, oposicións, acceso á corpos e forzas de seguridade do Estado, listado de enderezos web para buscar información...

1º BACH: sesión informativa sobre as materias do 2º curso de BACH, as vías de acceso á universidade e o acceso aos diferentes estudos superiores.

2º BACH: participación no programa “A Ponte”, da Universidade de Santiago de Compostela; sesión informativa sobre o acceso á Universidade; información sobre os cambios xurdidos coa LOMLOE; xornadas de orientación sobre a oferta formativa ao rematar o BACH (FP, estudos universitarios e ensinanzas de réxime especial); entrevistas individualizadas cos alumnos que o demanden...

CICLOS FORMATIVOS

FP Básica:

- Técnicas de estudo e organización do traballo.
- Resolución de conflitos.
- Fomento e responsabilidade individual e autoestima.
- Habilidades comunicativas.
- Traballo cooperativo.

FP: en colaboración coa profesora de FOL, distribuindo información, sobre todo, sobre a continuación de estudos e o acceso ao mundo laboral.

METODOLOXÍA

O POAP levarase a cabo, sobre todo, nas titorías na ESO e en distintos momentos no BAC e na FP.

❖ **PRINCIPIOS XERAIS:**

- Intervención en dúas dimensión: individual e grupal.
- O/a titor/a debe coñecer o contorno familiar, social e escolar do/a alumno/a e aportar datos significativos na toma de decisións.
- Buscar actitudes positivas como a autenticidade, a aceptación dun mesmo e dos demais, a confianza, a empatía...
- Rexeitar actitudes negativas como son o autoritarismo, o dirixismo, o paternalismo...
- Atender e respectar a diversidade e as necesidades do alumnado.
- Buscar a participación e a colaboración das familias.
- Empregar unha metodoloxía aberta e revisable, que sexa atractiva e didáctica, adecuada a cada momento e situación.

AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

O Plan de Orientación Académica e Profesional que se recolle neste documento, é globalmente avaliable, así como en cada unha das súas propostas, para valorar tanto o seu grao de adecuación como medida de atención á diversidade de carácter ordinario. Como para ver se a elección de contidos, así como a súa organización e funcionamento e a máis axeitada ou precisa dalgunha modificación.

A avaliación deberá ser levada a cabo pola xefatura de estudos, coa colaboración dos titores/as e o apoio técnico do Departamento de Orientación. Tamén participarán en dita avaliación os propios alumnos/as, pois eles son os principais beneficiarios. Polo tanto, poderíase sinalar distintos niveis de avaliación da titoría:

- A nivel do/a alumno/a
- A nivel de titores/as
- E a nivel de xefatura de estudos e departamento de orientación

Os criterios para a avaliación do plan son os seguintes:

- axuste ás necesidades do centro
- grao de consecución dos obxectivos previstos, atendendo tanto á eficacia como á eficiencia (recursos empregados, tempo dedicado ás actividades, participación);
- utilidade das accións programadas,
- nivel de aplicabilidade do programado e necesidade ou non de recursos adicionais;
- implicación da comunidade educativa no deseño e desenvolvemento do plan.

Unha vez feita a valoración destes criterios elaboraranse as **propostas de mellora** para o curso seguinte, que se incluírá dentro de Plan Anual de Actuación do Departamento de Orientación.